

Google Académico

É un buscador de publicacións científicas enfocado no mundo académico a través do cal pódense atopar estudos revisados por especialistas, teses, libros, resumos, artigos, informes técnicos e outros documentos de sociedades profesionais, universidades e outras organizacións académicas.

As súas características máis destacadas son:

- Busca en diversas fontes dende un único sitio
- Atopa traballos académicos, artigos, autores, resumos e citas.
- Localiza o documento a texto completo (se o hai) a través da túa biblioteca ou na rede. Os recursos electrónicos subscritos pola BUDC están dados de alta en Google Académico, polo tanto, se entre os resultados da procura hai algún cuxo texto completo se atopa nela, sairá unha mensaxe que o indicará, sempre que a busca se faga no dominio udc.es.
- Grazas á posibilidade de crear alertas, mantén aos investigadores ao día.

Unha das súas funcionalidades a destacar son as **análises de citas**, a través das que se poden consultar as citas recibidas polos traballos dun autor. Para acceder a elas, os pasos serían:

- Na opción '*Busca avanzada*', combinar os diferentes termos de busca: autor, publicación, data, etc.
- No caso de que o traballo teña citas, aparecerá a ligazón '*Citado por*'.
- Ó facer clic en '*Citado por*', aparecen os artigos que citaron o traballo.

Unha opción interesante nos resultados da busca é a de "*Artigos relacionados*", a través da que Google Académico presenta unha lista de artigos estreitamente relacionados, a cal se ordea polo similares que sean estes artigos ó resultado orixinal e tamén tendo en conta a relevancia de cada documento.

Entre as vantaxes deste buscador destacan a súa utilidade para localizar documentos dispoñibles en acceso aberto en Internet, a inclusión de moita información de ámbito español, o seu gran alcance na rede ou a súa focalización no ámbito da documentación científica.

Máis información na [axuda](#) de Google Académico.